

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. SIMULACRO DE EVACUACIÓN. Información aos titores para o traballo co alumnado.

Curso e grupo: _____ Titor/a: _____

Ante unha continxencia importante, producida no interior do Centro, tal como un incendio, a medida a tomar será sempre afastar ás persoas dos focos ou lugares de perigo, e nun edificio de gran concorrencia como o noso faise imprescindible realizar a saída ordenada e coordinadamente. Cando se produce unha situación de emerxencia que require a evacuación do alumnado e persoal do Centro é importante saber de antemán os pasos a dar e as posibles continxencias coas que nos podemos atopar.

Os procedementos de actuación de tódalas persoas do Centro ante unha situación de emerxencia veñen recollidos no Plan de Autoprotección. O noso está publicado na páxina web do Instituto.

Cumpre tamén adquirir hábitos que impidan situacións de pánico en emerxencias reais, chegado o caso. Por isto é necesaria a realización periódica de simulacros. **É necesario que o alumnado teña coñecemento do que debe e non debe facer en caso de simulacro. Será o titor quen lle presente esta información.**

A intervención do titor pode realizarse nunha ou dúas sesións de tutoría na ESO; e no bacharelato pode ser suficiente unha sesión. Se pretende non só o coñecemento por parte dos alumnos, tamén interesa crear unha opinión favorable e actitude positiva cara ós plans de autoprotección e ós simulacros. Pode ser interesante visitar a seguinte páxina, xa que ten simulacións de saída en simulacros: www.panics.org

Esta intervención podería ter os seguintes apartados:

1.- Explicar que é un plan de autoprotección e que é un simulacro.

O Plan de autoprotección é un documento no que se expresa a forma en que deben comportarse as persoas ante unha emerxencia. O simulacro é a posta en práctica dunha parte importante do plan: a evacuación do edificio. Co simulacro aprendemos qué temos que facer e cando, e tamén que non temos que facer. O simulacro nos permite ademais adquirir maior seguridade en nós mesmos e outras persoas o que impedirá situacións de nervosismo e pánico nunha evacuación.

Pódese analizar o que podería ocorrer ante unha situación de emerxencia, como un incendio, se non houberse unha forma ordenada de evacuación do edificio. Isto dá pé a falar de que o tempo de espera é necesario para evitar males maiores e que o tempo de espera é sempre unha ganancia de seguridade e non de perda da oportunidade de saír. Pode ser interesante proxectar as animacións na páxina web:

2.- Explicar qué deben facer os alumnos desde que toca o timbre de alarma, se é necesario xustificalo.

A saída farase ordenadamente sempre cos alumnos en grupos ó cargo dun profesor. Como norma xeral a orde de saída por plantas é de abaixo-arriba e dentro dunha planta saen antes os máis próximos á escaleira ou porta de saída. No punto de chegada situaranse os grupos o máis alonxados da porta para deixar sitio ós que van chegando.

Entregar a cada alumno unha copia do procedemento ou guía de actuación do alumnado e comentalo con eles, apartado a apartado.

Explicar o significado dos pictogramas nos corredores e escaleiras. Explicar o significado do plano de evacuación que está no lintel da porta da clase. Recalcar cal é a súa vía de evacuación a seguir según o corredor ou sector onde estean situados e o grupo que antecederá e o que seguirá detrás da súa saída, –estes varían coa situación da aula na que estean os alumnos no momento da alarma-.

3.- Facer un percorrido lento desde a aula ata o punto de concentración, cumprindo as normas da guía de procedemento do alumnado e profesorado. Podemos aproveitar para explicar o significado dos sinais verdes e brancos de evacuación e das luces de emerxencia, facendo ver que é posible que o simulacro se realice en penumbra. No punto de reunión situar o grupo aproximadamente na posición que lle corresponderá na evacuación. O percorrido debe incluír o regreso á aula.

4.- Facer un resumo da guía de actuación do profesor. Explicar que poden atoparse noutra aula no momento da evacuación pero o procedemento xeral sería o mesmo. A mesma guía de actuación pero seguindo o plano de evacuación do lintel desa clase. Insistir en que deben esperar a que saia primeiro o grupo que antecede na súa beira do corredor ou a que lle den a orde de saída e que non deben precipitarse. Racionalizar que o tempo é subxectivo e o seu paso significa que hai outras persoas que están actuando para que a súa saída sexa o máis segura posible.

5.- Facer un ensaio en branco previo ó simulacro nas plantas baixa e 1ª, tanto da parte vella como da parte nova. Esta actividade necesita que nos coordinemos varias persoas: titores, profes, cargos, etc.

GUÍA DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA. PROFESORADO CON GRUPO.

- 1.- Ver plano a seguir no lintel.
- 2.- Nomear alumnos para: pechar as fiestras, encabezar a ringleira, axudar a compañeiros.
- 3.- Recordar as normas.(Ver abaixo)
- 4.- Coller o parte.
- 5.- Ordenar sair cando toque.
- 6.- Pechar a porta
- 7.- Colocalos no patio.
Comprobar
- 8.- Informar Coord.Xeral
- 9.- Regresar á aula.

GUÍA DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA. ALUMNADO.

En emerxencia colectiva ou evacuación total:

- 1.- Actúa sempre de acordo coas indicacións do profesor.
 - 2.- Non recollas os teus obxectos persoais.
 - 3.- Se estás fóra da aula, no mesmo piso dela, regresa á túa aula. Se estás fóra e en distinto piso, intégrate na aula máis próxima. Cando chegues ó patio pide volver ó teu grupo.
 - 4.- O profesor nomeará alumnos encargados de pechar as fiestras, encabezar a ringleira de saída da clase e axudar a minusválidos.
 - 5.- O tempo que debes esperar antes de saír da aula é para que podas evacuar nas mellores condicións.
O grupo sairá da aula cando o profesor o determine. O movemento será en ringleira de un, pegados á parede do mesmo lado ca túa aula, deixando libre un corredor central.
 - 6.- Tódolos movementos deberán realizarse rápida, pero ordenadamente, sen correr, atropelar, nin empurrar ós demais. Non debes deterte xunto ás portas ou volver.
 - 7.-Os grupos permanecerán sempre unidos, sen disgregarse nin adiantar a outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración
-

GUÍA DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA. ALUMNADO.

En emerxencia colectiva ou evacuación total:

- 1.- Actúa sempre de acordo coas indicacións do profesor.
- 2.- Non recollas os teus obxectos persoais.
- 3.- Se estás fóra da aula, no mesmo piso dela, regresa á túa aula. Se estás fóra e en distinto piso, intégrate na aula máis próxima. Cando chegues ó patio pide volver ó teu grupo.
- 4.- O profesor nomeará alumnos encargados de pechar as fiestras, encabezar a ringleira de saída da clase e axudar a minusválidos.
- 5.- O tempo que debes esperar antes de saír da aula é para que podas evacuar nas mellores condicións.

O grupo sairá da aula cando o profesor o determine. O movemento será en ringleira de un, pegados á parede do mesmo lado ca túa aula, deixando libre un corredor central.

6.- Tódolos movementos deberán realizarse rápida, pero ordenadamente, sen correr, atropelar, nin empurrar ós demais. Non debes deterte xunto ás portas ou volver.

7.-Os grupos permanecerán sempre unidos, sen disgregarse nin adiantar a outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración

GUÍA DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA. ALUMNADO.

En emerxencia colectiva ou evacuación total:

- 1.- Actúa sempre de acordo coas indicacións do profesor.
- 2.- Non recollas os teus obxectos persoais.
- 3.- Se estás fóra da aula, no mesmo piso dela, regresa á túa aula. Se estás fóra e en distinto piso, intégrate na aula máis próxima. Cando chegues ó patio pide volver ó teu grupo.
- 4.- O profesor nomeará alumnos encargados de pechar as fiestras, encabezar a ringleira de saída da clase e axudar a minusválidos.
- 5.- O tempo que debes esperar antes de saír da aula é para que podas evacuar nas mellores condicións.

O grupo sairá da aula cando o profesor o determine. O movemento será en ringleira de un, pegados á parede do mesmo lado ca túa aula, deixando libre un corredor central.

6.- Tódolos movementos deberán realizarse rápida, pero ordenadamente, sen correr, atropelar, nin empurrar ós demais. Non debes deterte xunto ás portas ou volver.

7.-Os grupos permanecerán sempre unidos, sen disgregarse nin adiantar a outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración

GUÍA DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA. ALUMNADO.

En emerxencia colectiva ou evacuación total:

- 1.- Actúa sempre de acordo coas indicacións do profesor.
- 2.- Non recollas os teus obxectos persoais.
- 3.- Se estás fóra da aula, no mesmo piso dela, regresa á túa aula. Se estás fóra e en distinto piso, intégrate na aula máis próxima. Cando chegues ó patio pide volver ó teu grupo.
- 4.- O profesor nomeará alumnos encargados de pechar as fiestras, encabezar a ringleira de saída da clase e axudar a minusválidos.
- 5.- O tempo que debes esperar antes de saír da aula é para que podas evacuar nas mellores condicións.

O grupo sairá da aula cando o profesor o determine. O movemento será en ringleira de un, pegados á parede do mesmo lado ca túa aula, deixando libre un corredor central.

6.- Tódolos movementos deberán realizarse rápida, pero ordenadamente, sen correr, atropelar, nin empurrar ós demais. Non debes deterte xunto ás portas ou volver.

7.-Os grupos permanecerán sempre unidos, sen disgregarse nin adiantar a outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración
